



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º.....

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o seis de xullo do ano dous mil dezaoito, ás nove horas, reúñese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Plácido Álvarez Dobaño, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Pablo Pérez Pérez e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Non asisten o deputado provincial don Jorge Pumar Tesouro (vicepresidente 2º) e a deputada provincial dona Ana María Villarino Pardo, que escusan a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudio e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 22 DE XUÑO DE 2018.- Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día vinte e dous de xuño de dous mil dezaoito, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2018, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 97/POS/2018, NO TERMO MUNICIPAL DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Xunqueira de Espadanedo, tendo en conta o informe favorable da técnica do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta favorable, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptou** o seguinte acordo:

Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2018 no relativo ó Concello de Xunqueira de Espadanedo, incorporando ó plan principal -en substitución da obra denominada "reparación da estrada Xunqueira-Parada do Sil"- a obra denominada "ampliación da estrada a Xunqueira pola estrada que leva a Pardeconde", co número 97/POS/2018, cun orzamento total de execución de 48.000,00 €.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

3.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN. ENTIDADE COLABORADORA: CONCELLO DE MELÓN. BENEFICIARIA FINAL: DONA PATRICIA SOALLEIRO GREGORIO.- De conformidade coa proposta formulada pola Presidencia e tendo en conta o artigo 11 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260 de data 12.11.2015), a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

- A concesión de subvención directa, por razóns de interese público que se consideran suficientemente acreditadas no expediente que obra na Vicesecretaría Xeral da Deputación de Ourense, co seguinte contido:

- *Beneficiaria final: Dª. Patricia Soalleiro Gregorio.*
- *Entidade colaboradora: Concello de Melón.*
- *Importe: Cinco mil setecentos cincuenta euros (5.750,00 €).*
- *Obxecto: Proxecto básico e de execución, dirección de obra e fin de obra de reconstrucción de vivenda en Moces (Melón)*
- *Esta subvención quedará condicionada a:*
 - * *a Entidade Colaboradora actúa en nome e por conta da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos relacionados con esta subvención, entregándolle e distribuíndolle os fondos públicos ao beneficiario final, e non considerándose estos fondos integrantes do seu patrimonio municipal.*
 - * *o alcance da colaboración e concreción das garantías e dereitos rexerse, no que non estea previsto neste acordo e sempre que sexa aplicable pola Lei 38/2003, General de Subvenciones e o Real Decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015). Neste sentido, e dada a condición de Administración Pública do Concello de Melón, queda exonerado da constitución de garantías consonte ao sinalado no artigo 42 do RD 887/2006.*
 - * *o beneficiario será o encargado de obter todas as autorizacións e permisos necesarios, asumindo a responsabilidade en exclusiva destes feitos.*
 - * *o concello, na súa condición de entidade colaboradora, queda obrigado respecto da Deputación Provincial a xustificar a entrega dos fondos percibidos e demais obrigas sinaladas no artigo 15 da Ley 38/2003, General de Subvenciones e artigos 18 a 29 do Real Decreto 887/2006 que a desenvolve.*
 - * *a xustificación da subvención deberá presentarse antes do 15.12.2018 pola entidade colaboradora. A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello (entidade colaboradora), no que se acreden respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos: a) Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención b) Que a xustificación da subvención concedida se*



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

3

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algúnhha variación con respecto ao proxecto inicial c) Que a xustificación da subvención acada o 100% do importe da subvención concedida d) Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente e) Relación das subvencións concedidas á beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados. Sen prexuízo do anterior e atendida a situación económica da beneficiaria, a Deputación poderá librar un anticipo de ata o 100 % da subvención, a solicitude do Concello como entidade colaboradora, e sen necesidade de constituir ningún tipo de garantía, sempre que o concello non teña débedas coa Deputación por importe superior ao 2 % dos recursos ordinarios do derradeiro exercicio municipal liquidado. Para tal efecto, e coa solicitude do anticipo, o concello deberá presentar certificación na que conste o importe dos recursos ordinarios do derradeiro exercicio liquidado. No caso de que a débeda do concello coa Deputación supere a indicada porcentaxe do 2 % o libramento do anticipo quedará condicionado á constitución de garantía na forma prevista no artigo 16.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

4.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVENCIÓN. ENTIDADE COLABORADORA: CONCELLO DE MONTERREI. BENEFICIARIO FINAL: DON JOSÉ MANUEL LOSADA NÓVOA.- De conformidade coa proposta formulada pola Presidencia e tendo en conta o artigo 11 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 260 de data 12.11.2015), a **Xunta de Goberno** adopta o seguinte **acordo**:

- A concesión de subvención directa, por razóns de interese público que se consideran suficientemente acreditadas no expediente que obra na Vicesecretaría Xeral da Deputación de Ourense, co seguinte contido:

- Beneficiario final: D. José Manuel losada Nóvoa.
- Entidade colaboradora: Concello de Monterrei.
- Importe: Tres mil setecentos cinco euros cun céntimo (3.705,01 €).
- Obxecto: Obras de reparación de vivenda en San Cristovo (Monterrei)
- A presente subvención quedará condicionada á:

* a Entidade Colaboradora actúa en nome e por conta da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos relacionados con esta subvención, entregándolle e distribuíndolle os fondos públicos ao beneficiario final, e non considerándose estes fondos integrantes do seu patrimonio municipal.

* o alcance da colaboración e concreción das garantías e dereitos rexerase, no que non estea previsto neste acordo e sempre que sexa aplicable pola Lei 38/2003, General de Subvenciones e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e a Ordenanza



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018


xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015). Neste sentido, e dada a condición de Administración Pública do Concello de Monterrei, queda exonerado da constitución de garantías consonte ao sinalado no artigo 42 do RD 887/2006.

*o beneficiario será o encargado de obter todas as autorizacións e permisos necesarios, asumindo a responsabilidade en exclusiva destes feitos.

* o concello, na súa condición de entidade colaboradora, queda obrigado respecto da Deputación Provincial a xustificar a entrega dos fondos percibidos e demais obrigas sinaladas no artigo 15 da Ley 38/2003, General de Subvenciones e artigos 18 a 29 do Real decreto 887/2006 que a desenvolve.

*a xustificación da subvención deberá presentarse antes do 15.12.2018 pola entidade colaboradora. A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello (entidade colaboradora), no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos: a) Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención b) Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial c) Que a xustificación da subvención acada o 100% do importe da subvención concedida d) Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente e) Relación das subvencións concedidas ao beneficiario para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados. Sen prexuízo do anterior e atendida a situación económica do beneficiario, a Deputación poderá librar un anticipo de ata o 100 % da subvención, a solicitude do Concello como entidade colaboradora, e sen necesidade de constituír ningún tipo de garantía, sempre que o concello non teña débedas coa Deputación por importe superior ao 2 % dos recursos ordinarios do derradeiro exercicio municipal liquidado. Para tal efecto, e coa solicitude do anticipo, o concello deberá presentar unha certificación na que conste o importe dos recursos ordinarios do derradeiro exercicio liquidado. No caso de que a débeda do concello coa Deputación supere a indicada porcentaxe do 2%, o libramento do anticipo quedará condicionado á constitución de garantía na forma prevista no artigo 16.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015).

5.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE VERÍN.- No Pleno de data 27 de abril de 2018 acordouse aprobar inicialmente a modificación de créditos n.º 1/2018, destinando unha subvención nominativa de 530.686,00 € euros a favor do Concello de Verín, para “Convenio Auditorio”, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01. Esta modificación de créditos foi finalmente aprobada, publicándose a aprobación definitiva no BOP do 5 de xuño de 2018.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º.....

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

A finalidade desta subvención é o financiamento dos gastos de dotación de mobiliario e obras de urbanización do Centro Cultural das Artes de Verín, cuxa execución, inicialmente, e ao abeiro dun convenio subscrito no ano 2013 entre a Xunta de Galicia, a Deputación e o Concello, ía ser realizada directamente pola propia Deputación. Ao ter sido realizada finalmente a execución polo propio Concello, dotouse esta subvención nominativa, co fin de proceder a financiar os gastos correspondentes.

Unha vez vista a documentación obrante nas oficinas provinciais sobre a execución das obras de referencia (documentación que fóra achegada no seu día polo concello interesado no expediente do convenio ao que se fixo mención), comprobado pola Sección de Subvencións que concorren os requisitos establecidos na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos para a concesión da subvención e para a declaración da súa xustificación, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Conceder unha subvención nominativa ao Concello de Verín, nos seguintes termos:


-Importe: 530.686,00 euros.

-Obxecto: financiamento dos gastos de dotación de mobiliario e obras de urbanización do Centro Cultural das Artes de Verín.

2º) Declarar debidamente xustificada a dita subvención, de conformidade cos artigos 72 e 84 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, dándolle traslado desta declaración á Presidencia, para os efectos da tramitación do pagamento da subvención ao beneficiario.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PUNXÍN.- No Pleno, con data 27 de abril de 2018, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2018 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2018, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 5.000 euros, a favor do Concello de Punxín, para transporte municipal.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a solicitude de dito concello cumple co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Punxín, nos seguintes termos:



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

6

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

-**Importe:** 5.000 euros.

-**Obxecto:** transporte colectivo de persoas dependentes correspondente ao ano 2018.

-**Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan



APEL NÚMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-**Prazo xustificación:** ata o 30 de novembro de 2018.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBIÁ.

- Ambía. - No Pleno, con data 29 de setembro de 2017, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2018, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 40.000,00 euros a favor do Concello de Xunqueira de Ambía, para Horta da Limia.

Unha vez vista a documentación presentada polo alcalde do mencionado concello, tendo en conta que o proxecto que presenta é polo importe de 39.990,50 euros, comprobado pola Sección de Subvencións que a solicitude de dito concello cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Xunqueira de Ambía, nos seguintes termos:

-**Importe:** 39.990,50 euros.

-**Obxecto:** Horta da Limia.

-**Xustificación:** A subvención xustificarase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpliu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º.....

8

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018


- 3.- Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 2% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seránle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2018.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

9

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

8.- APROBACIÓN DO PLAN ANUAL DE PUBLICACIÓNS PARA O EXERCICIO

2018.-Unha vez visto o informe emitido polo Consello Asesor de Publicacións, e de conformidade coa proposta formulada pola Presidencia o 2 de xullo actual, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adoptá** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o Plan anual de publicacións da Deputación Provincial de Ourense correspondente ao exercicio 2018, co contido seguinte:

I. Memoria xustificativa.

Os elementos determinantes tomados en consideración para a elaboración deste Plan anual de publicacións 2018 foron os seguintes:

a) En primeiro lugar, o contido preceptivo do dito plan establecido polo artigo 6 da Ordenanza de publicacións da Deputación, conforme ó cal o plan debe conter, como mínimo, os criterios xerais para a selección e edición de obras ó longo do exercicio, os criterios para a realización de obras en réxime de coedición, a previsión de edicións ou liñas de publicacións concretas, as convocatorias de selección ou encargo de obras previstas, e o custo estimado das accións previstas.

*b) En segundo lugar, as disponibilidades orzamentarias existentes, que se limitan a un importe de **120.000,00** euros para edicións e publicacións, conforme se establece no capítulo II do programa de gasto 33416 (edicións e publicacións) dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018.*

Segundo os elementos que conforman o contido deste plan, os criterios seguidos foron os seguintes:

No que se refire ós criterios xerais para a selección e edición de obras ó longo do exercicio, distinguiuse entre obras que non son seleccionadas mediante concorrencia competitiva e as que si o son.

Por unha parte temos unha serie de obras que se editarán sen concorrencia competitiva:

**Edición de obras que recollan a actividade propia dos servizos da Deputación Provincial:*

1. Publicacións da ÁREA de Cultura

- Ourense Provincia termal.

-Reimpresión do Catálogo para a exposición In tempore sueborum



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

10

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

- Catálogo de exposición: *Deputación Provincial de Ourense: Autorretratos*
- 2. Publicacións do Centro de Estudios Xaquín Lorenzo
 - Especial Raigame: Carlos Casares [1941-2002]. Legado dun escritor
 - Raigame, nº 42 [Publicación periódica]
 - Raigame, nº 43 [Publicación periódica]
 - Xornal Romaría Raigame [Publicación periódica]
- 3. Publicacións da Escola de Gaitas
 - Anuario da Gaita nº 31[Publicación periódica]
 - CD/ DVD: Concerto da unidade de Música da Guardia Real coa Real Banda de Gaitas
 - CD/ DVD (complementario ao Cancioneiro de Oencia e contorna) Cantareiras de Arnado, na memoria de José López Álvarez
 - *Reedición de obras anteriormente publicadas pola Deputación
 - Traballo de preparación para unha segunda edición, aumentada, da obra: DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, JOSÉ E BLANCO, LINO: *O home do unto. Blanco Romasanta, historia real de una leyenda*, Ourense: Deputación Provincial, 1993.
 - *Edición de obras de autores ourensáns de recoñecido prestixio, ou que teñan a consideración de clásicos da cultura galega, en particular edicións de carácter conmemorativo, facsímiles ou edicións críticas:
 - Edición de YOSI [et al.]: *Antoloxía poética e historia gráfica/textual de Os Suaves*.
 - *Edición de obras que foron obxecto de premios outorgados pola Deputación Provincial ou por entidades locais da provincia de Ourense:
 - Prevese a edición da obra gañadora do XV premio Pura e Dora Vázquez 2018
 - *Edición das obras que quedaron sen editar aprobadas en exercicios anteriores:
 - Ano 2017:
 - Rodríguez Gracia, V. [et al.]: Flora de la provincia de Ourense: Cuenca baja del río Loña**
 - Soutelo Vázquez, R.: Entre Ourense e América**
 - Castro Voces, A. [et al.]: Valdeorras o noso tesouro**
 - Domínguez Quiroga, M.J.: Toponimia da Provincia de Ourense**
 - Lorenzo Pérez, C. D.: Celanova ten unha foto**



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

11

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

Dasairas Valsa, X.: Terras da Mezquita e a Seabra

No caso das ***obras que serán seleccionadas mediante concorrenza competitiva***, optouse por prever a súa selección, como en exercicios anteriores, atendendo exclusivamente a criterios de calidad das obras ofertadas e ó seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do Servizo de Publicacións. Estes criterios, pola súa propia natureza, non son susceptibles dunha baremación obxectiva, ó depender de xuízos de valor. Considérase a este respecto que, debe ser a Presidencia da Deputación, co informe-proposta do Consello Asesor de Publicacións, a que motive de xeito suficiente a determinación das obras que finalmente se seleccionen. En canto á previsión de liñas de publicación concretas, e ao igual que no exercicio anterior, optouse por definilas coa máxima amplitud, establecendo unha serie de liñas xerais que veñen a corresponder cos contidos das publicacións tradicionalmente realizadas polo servizo de publicacións (compilacións, escolmas ou antoloxías de artigos publicados en periódicos locais de Ourense ou nas edicións locais de periódicos de ámbito máis amplio, así como gravacións ou transcripcións escritas de programas radiofónicos locais; obras que teñan por obxecto o estudo ou divulgación do patrimonio cultural material e inmaterial ou do patrimonio natural de Ourense; estudos históricos, científicos, xurídicos ou literarios relacionados coa provincia de Ourense e obras artísticas, literarias ou musicais de autores ourensáns de temática libre). Non se establece unha reserva de crédito orzamentario específica para ningunha destas liñas, nin tampouco unha orde de prelación entre elas, determinación que se levará a cabo no seu momento, con criterios exclusivamente de calidad e interese das obras á vista da oferta de publicacións que se reciba.

En canto aos criterios para a realización de obras en réxime de coedición, seguiuse o mesmo criterio de seleccionar as que se oferten en función da súa calidad e interese, pero tendo en conta tamén a porcentaxe de co - financiamento ofertada polo potencial co - editor.

Ademais, e atendendo ao criterio proposto polo Consello Asesor de Publicacións, xa na valoración do concurso de selección de obras de 2014, e ao igual que se fixo nos Plans 2015, 2016 e 2017, establecécese a exclusión da publicación de teses doutorais, ao considerarse que este tipo de traballos non deben ser obxecto de publicación polo servizo provincial, ao estar dirixidos a un público especializado que conta hoxe en día con canles



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 12

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

de difusión específicas, fundamentalmente a través de Internet. Non obstante, admítese a publicación de versións abreviadas de teses doutorais, adaptadas para a súa lectura polo público en xeral. Por razóns análogas, exclúense tamén neste plan 2018, coma no 2017 a publicación de actas de congresos, simposios, seminarios, xornadas ou similares.

Con respecto ás convocatorias de selección de obras, e tendo en conta os criterios sinalados para a súa selección, considerouse que por razóns de simplificación da tramitación era preferible reducir as convocatorias a unha única, de carácter xeral, na que os interesados poderán realizar as ofertas tanto de obras para editar pola Deputación como de obras en réxime de coedición.

En canto ó custo estimado das accións previstas, recóllense os custos orzados polos diferentes departamentos implicados nas publicacións, para as obras seleccionadas directamente, reservándose o resto do crédito dispoñible globalmente para as obras que se seleccionen en réxime de concorrencia competitiva e en réxime de coedición, sen asignar contías concretas ás diferentes liñas de publicación, adiando a súa concreción ó momento en que se realice a selección. En todo caso, o orzamento previsto non supera a dotación dispoñible total de **120.000,00 €**, prevista nos orzamentos da Deputación de Ourense para o exercicio 2018.

II. Determinacións do Plan Anual 2018

1º) Criterios xerais para a selección e edición de obras no exercicio 2018

Os criterios para a selección e edición de obras no exercicio 2018 serán os seguintes:

a) Con respecto ás obras non seleccionadas mediante concorrencia competitiva: o Plan

determina directamente estas obras, seguindo os criterios recollidos na memoria xustificativa.

b) Obras seleccionadas mediante concorrencia competitiva: establecécese como criterios de selección a calidade das obras presentadas e o seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do Servizo de Publicacións. A valoración das obras deberá estar suficientemente motivada.

c) Obras en réxime de coedición: estableécense como criterios de selección os seguintes:




(Sello da Corporación)

(Síntoma do Presidente)

Folio N.º

13

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

- A calidade das obras presentadas e o seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do Servizo de Publicacións.

- A porcentaxe de participación do solicitante no custe total da edición.

d) Quedan excluídas da súa posible publicación ao abeiro deste plan as teses doutorais, xa que para este tipo de publicacións, dirixidas a un público especializado, existen outras vías alternativas. Non obstante, admitirase a concurso e serán obxecto de valoración as versións abreviadas das teses doutorais que poidan ter como destinatario un público máis amplio. Exclúese igualmente a publicación de actas de congresos, simposios, seminarios, xornadas ou similares.

2º Previsión de edicións e liñas de publicación concretas:

2ª A) Edicións de obras non seleccionadas mediante concorrencia competitiva:

Ó abeiro do artigo 7.3 da vixente Ordenanza reguladora do servizo de publicacións, inclúese no Plan de publicacións 2018 a edición das seguintes obras:

*Edición de obras que recollan a actividade propia dos servizos da Deputación Provincial.

1. Publicacións da Área de Cultura

- Ourense Provincia termal.

-In tempore sueborum Reimpresión do Catálogo para a exposición Publicación a color cunha tirada estimada de 800 exemplares.

- Catálogo de exposición Deputación Provincial de Ourense: Autorretratos cunha tirada de 500 exemplares.

2. Publicacións do Centro de Estudios Xaquín Lorenzo

-Especial Raigame: Carlos Casares [1941-2002]. Legado dun escritor. Publicación a color cunha tirada estimada de 500 exemplares.

-Raigame, nº 42 [Publicación periódica] Publicación periódica en b/n cunha tirada de 750 exemplares

-Raigame, nº 43 [Publicación periódica] Publicación periódica en b/n cunha tirada de 750 exemplares

-Xornal Romaría Raigame [Publicación periódica] Publicación periódica en b/n Tirada: 3.000 exemplares.

3. Publicacións da Escola de Gaitas



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º
14

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

-Anuario da Gaita nº 31[Publicación periódica] Publicación periódica en color cunha tirada de 750 exemplares.

-CD/ DVD: Concerto da Unidade de Música da Guardia Real coa Real Banda de Gaitas. Publicación cunha tirada estimada de 500 exemplares.

-CD/ DVD+ folleto: Complementario ao Cancioneiro de Oencia e contorna, Cantareiras de Arnado, na memoria de José López Álvarez. Tirada: 500 exemplares.

*Reedición de obras anteriormente publicadas pola Deputación

- Traballos preparatorios para a reedición de DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, JOSÉ E BLANCO, LINO: *O home do unto. Blanco Romasanta, historia real de una leyenda*, Ourense: Deputación Provincial, 1993.

*Edición de obras de autores ourensáns de recoñecido prestixio, ou que teñan a consideración de clásicos da cultura galega, en particular edicións de carácter conmemorativo, facsímiles ou edicións críticas:

-Edición de YOSI [et al.]: *Antoloxía poética e historia gráfica/textual de Os suaves*. Tirada 800 exemplares.

*Edición de obras que foron obxecto de premios outorgados pola Deputación Provincial ou por entidades locais da provincia de Ourense:

Se prevé a edición da obra ganadora do XV premio Pura e Dora Vázquez 2018

Publicación a color cunha tirada estimada de 600 exemplares.

*Edición das obras que quedaron sen editar no ano 2017, que a Deputación ten compromiso de publicar:

Rodríguez Gracia, V. [et al.]: *Flora de la provincia de Ourense: Cuenca baja del río Loña*. Tirada estimada de 500 exemplares


Soutelo Vázquez, R.: *Entre Ourense e América*. Tirada estimada de 500 exemplares

Castro Voces, A. [et al.]: *Valdeorras o noso tesouro*. Tirada estimada de 500 exemplares

Domínguez Quiroga, M.J.: *Toponimia da Provincia de Ourense*. Tirada estimada de 500 exemplares

Lorenzo Pérez, C. D.: *Celanova ten unha foto*. Tirada estimada de 500 exemplares

Dasairas Valsa, X.: *Terras da Mezquita e a Seabra*. Tirada estimada de 500 exemplares



APEL NUMERADO
CORPORACIÓNS
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Síntoma do Presidente)

Folio N.º

15

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

2º.B) Edición de obras seleccionadas mediante procedimentos de concorrencia competitiva.

Neste apartado, prevese a edición das obras que seleccione a Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante procedemento de concorrencia competitiva, ao longo do exercicio 2018.

Para estes efectos, e unha vez aprobado este Plan, a Xunta de Goberno, tralo informe previo do Consello Asesor de Publicacións, procederá á aprobación das bases reguladoras do procedemento de selección e á realización da correspondente convocatoria pública, conforme ás seguintes regras:

1º) As bases e a convocatoria publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación Provincial. O prazo para a formulación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria respectiva no BOP.

2º) Establécense as seguintes liñas de publicacións para o ano 2018:

1. Compilacións, escolmas ou antoloxías de artigos publicados en periódicos locais de Ourense ou nas edicións locais de periódicos de ámbito máis amplio, así como gravacións ou transcripcións escritas de programas radiofónicos locais.

2. Obras que teñan por obxecto o estudo ou divulgación do patrimonio cultural material e inmaterial ou do patrimonio natural de Ourense.

3. Estudos históricos, científicos, xurídicos ou literarios relacionados coa provincia de Ourense.

4. Obras artísticas, literarias ou musicais de autores ourensáns de temática libre.

3º) Admitiranse a estudo as obras cuxa temática encaixe en calquera das sinaladas nos apartados anteriores, tanto si se trata de obras escritas como audiovisuais, sempre que se trate de obras concluídas e, polo tanto, dispoñibles para iniciar a preparación da súa edición no exercicio 2018. As obras deben ser exclusivamente orixinais.

Exclúense as teses doutorais, que non serán admitidas a estudo. Non obstante, admitiranse as versións abreviadas de teses doutorais que, polas súas características, poidan ir dirixidas ao público en xeral.

Exclúese igualmente a publicación de actas de congresos, simposios, seminarios, xornadas ou similares.




(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

16

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

4º) Os criterios de selección serán, exclusivamente, a calidad das obras presentadas e o seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do Servizo de Publicacións. A valoración das obras deberá estar suficientemente motivada.

5º) As solicitudes deberá formularse polos autores das obras ou polos titulares dos dereitos de edición. Os solicitantes deberán achegar, coa súa solicitud, un exemplar da obra nas condicións e formato que indiquen as bases reguladoras, así como unha ficha coas características técnicas da edición solicitada, que en todo caso non terá carácter vinculante para a Deputación Provincial.

6º) Por razóns de economía de procedemento, a convocatoria no exercicio 2017 terá carácter único, distribuíndose a contía reservada no presente plan entre as distintas obras seleccionadas. Para estes efectos, a Presidencia establecerá discrecionalmente as características técnicas e a tirada das edicións seleccionadas, co fin de posibilita-la edición do máximo número de obras posibles. En todo caso, a realización da edición quedará condicionada á aceptación expresa das condicións de edición por parte dos autores.

A Presidencia poderá establecer unha lista de obras en reserva para o suposto de que as obras seleccionadas non puidesen ser editadas por calquera causa sobrevida.

7º) A resolución da Presidencia será adoptada previo o informe preceptivo do Consello Asesor de Publicacións.

3º) Selección de obras en réxime de coedición.


A convocatoria do concurso para selección de obras para a súa edición pola Deputación terá por obxecto tamén a selección de obras en réxime de coedición.

As obras en réxime de coedición que se presenten deberán corresponderse coas liñas de publicación definidas no apartado 3º do presente plan.

Os solicitantes deberán asumir, como mínimo, o 20 % do custe da edición.

Os criterios de selección serán os seguintes:

- a) A calidad das obras presentadas e o seu interese para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do Servizo de Publicacións.
- b) A maior porcentaxe de participación ofrecida polo solicitante no custe total da edición.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

17

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

Serán de aplicación a esta convocatoria as regras establecidas para a convocatoria do concurso para a selección de obras para a súa edición pola Deputación.

Non se reserva crédito orzamentario específico para a liña de coedicións, aplicándose o crédito global existente en función das peticionais recibidas.

4º) Orzamento do Plan:

A dotación orzamentaria do Plan Anual de Publicacións é de **120.000 euros**, correspondentes co crédito orzamentario previsto no capítulo II do programa de gasto 33416 (edicións e publicacións) dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018.

A distribución dos fondos previstos no orzamento conforme ó seguinte Plan é a seguinte:

Obras seleccionadas directamente:

*Edición de obras que recollan a actividade propia dos servizos da Deputación Provincial:

1. Publicacións da Área de Cultura

-Maqueta e impresión da obra Ourense Provincia termal. Orzamento estimado:

9.270 €

-Reimpresión do Catálogo para a exposición In tempore sueborum Orzamento estimado: **12.900 €**

-Catálogo de exposición Deputación Provincial de Ourense: Autorretratos con cargo ás partidas orzamentarias do Centro Cultural

2. Publicacións do Centro de Estudios Xaquín Lorenzo

-Especial Raigame: Carlos Casares [1941-2002]. Legado dun escritor. Orzamento estimado: **2.600 €**

-Raigame, nº 42 [Publicación periódica] Orzamento estimado: **3.600 € = [2.600 €]**

Deseño e maqueta + 1.000 papel y encadernación en imprenta Deputación]

-Raigame, nº 43 [Publicación periódica] Orzamento estimado: **3.600 € = [2.600 €]**

Deseño e maqueta + 1.000 papel y encadernación en imprenta Deputación]

-Xornal Romaría Raigame [Publicación periódica]

3. Publicacións da Escola de Gaitas

-Anuario da Gaita nº 31 [Publicación periódica] Orzamento estimado: **4.973 €**



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º 18

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

-CD/ DVD: Concerto da unidade de Música da Guardia Real coa Real Banda de Gaitas. Orzamento estimado: **1.640 €**

-CD/ DVD complementario ao Cancioneiro de Oencia e contorna: Cantareiras de Arnado na memoria de José López Álvarez. Orzamento estimado: **1.125 €**

*Reedición de obras anteriormente publicadas pola Deputación

-Traballos preparatorios para a segunda edición de DOMÍNGUEZ GONZÁLEZ, JOSÉ E BLANCO, LINO: *O home do unto. Blanco Romasanta, historia real de una leyenda*, Ourense, Deputación Provincial, 1993. Orzamento estimado: **4.000 €**

*Edición de obras de autores ourensáns de recoñecido prestixio, ou que teñan a consideración de clásicos da cultura galega, en particular edicións de carácter conmemorativo, facsímiles ou edicións críticas:

-Edición de YOSI [et al.]: *Antoloxía poética e historia gráfica/textual de Os Suaves*. Orzamento estimado: **15.600 €**

*Edición de obras que foron obxecto de premios outorgados pola Deputación Provincial ou por entidades locais da provincia de Ourense:

Prevese a edición da obra ganadora do XV premio Pura e Dora Vázquez 2018. Orzamento estimado: **3.000 €**

Edición das obras que quedaron sen editar do Plan de publicacións no ano 2017:

Rodríguez Gracia, V. [et al.]: *Flora de la provincia de Ourense: Cuenca baja del río Loña*. Orzamento estimado: **5.980 €**

Soutelo Vázquez, R.: *Entre Ourense e América*. Orzamento estimado: **7.020 €**


Castro Voces, A. [et al.]: *Valdeorras o noso tesouro*. Orzamento estimado: **5.435,04 €**

Domínguez Quiroga, M.J.: *Toponimia da Provincia de Ourense*. Orzamento estimado: **9.873,58 €**

Lorenzo Pérez, C. D.: *Celanova ten unha foto*. Orzamento estimado: **3.422,64 €**

Dasairas Valsa, X.: *Terras da Mezquita e a Seabra*. Orz. estimado: **5.720 €**

Total orzamento de obras determinadas sen concorrência pública 99.759,26 €



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º
19

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

II. Obras seleccionadas mediante procedementos de concorrenza competitiva e obras en réxime de coedición:

Asígnase ademais para estas dúas liñas de actuación a totalidade do crédito remanente, por importe de **20.240,74 €**, concretándose a súa distribución na resolución da convocatoria que se efectúe para a selección das obras, conforme ós criterios sinalados nos apartados 1º, 2º.B) e 3º das determinacións do presente Plan.

2º.- Ordenar a publicación do Plan anual de publicacións no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial, para xeral coñecemento.

9.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PARA SELECCIÓN DE OBRAS PARA A SÚA EDICIÓN OU COEDICIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2018.- Pola Secretaría Xeral da Deputación, coa asistencia da Sección de Arquivos e Publicacións, elaborouse unha proposta das bases reguladoras do concurso para selección de obras para a súa edición ou coedición pola Deputación Provincial correspondente ao exercicio 2018, que foi sometida a informe do Consello Asesor de Publicacións o 4 de xullo de 2018.

Polo exposto, á vista do informe favorable emitido polo dito órgano asesor, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º) Aprobar as bases reguladoras do concurso para selección de obras para a súa edición ou coedición pola Deputación Provincial correspondente ao exercicio 2018, co contido seguinte:

Primeira.- Obxecto.

1. Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do concurso público correspondente ao exercicio 2018 para a selección de obras para a súa edición, publicación e distribución pola Deputación Provincial de Ourense, en calquera das seguintes dúas modalidades:

a) Edición exclusivamente a cargo da Deputación Provincial.

b) Coedición entre a Deputación Provincial e entidades sen ánimo de lucro.

2. Poderán presentarse ao concurso regulado nestas bases as obras científicas, artísticas, literarias ou musicais, realizadas en calquera formato ou soporte (escrito,



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

20

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

fonográfico ou audiovisual) que correspondan a calquera das seguintes liñas de publicación:

- 2.1) Compilacións, escolmas ou antoloxías de artigos publicados en periódicos locais de Ourense ou nas edicións locais de periódicos de ámbito máis amplo, así como gravacións ou transcripcións escritas de programas radiofónicos locais.
- 2.2) Obras que teñan por obxecto o estudo ou divulgación do patrimonio cultural material e inmaterial ou do patrimonio natural de Ourense.
- 2.3) Estudos históricos, científicos, xurídicos ou literarios relacionados coa provincia de Ourense.
- 2.4) Obras artísticas, videográficas, literarias ou musicais de autores ourensáns de temática libre.

En todo caso, para seren admitidas a concurso, as obras deben cumplir os seguintes requisitos adicionais:

a) Debe tratarse de obras concluídas na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e, polo tanto, dispoñibles para iniciar a preparación da súa edición no exercicio 2018.

b) As obras deben ser exclusivamente orixinais.

3. Non se admitirán a concurso as teses doutorais, ao considerarse que este tipo de traballos, dirixidos a un público altamente especializado, non deben ser obxecto de edición a través do servizo provincial. Non obstante, admitiranse as versións abreviadas de teses doutorais que, axustándose ás liñas de publicacións recollidas no apartado anterior, poidan ter como destinatario ao público en xeral.

Tampouco se admitirán a concurso as actas de congresos, xornadas, simposios ou similares.

4. Para os efectos previstos no apartado 2.4 da presente base, consideraranse autores ourensáns ás persoas físicas nadas na provincia de Ourense ou residentes nela, neste último caso cunha residencia mínima ininterrompida de dous anos previos á data de solicitude de publicación da súa obra.

Igualmente, terán a consideración de autores ourensáns as persoas xurídicas domiciliadas na provincia de Ourense que sexan titulares de dereitos de autor sobre obras colectivas conforme co disposto na lexislación de propiedade intelectual.




(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

21

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

Segunda.- Condiciones de edición ou coedición das obras seleccionadas.

1. As obras seleccionadas a través do presente concurso serán editadas pola Deputación Provincial baixo as condicións que se establezan nos correspondentes contratos de edición, que serán obxecto de negociación cos autores seleccionados no marco do previsto nas presente bases, debendo recollerse nas cláusulas dos ditos contratos, necesariamente, as seguintes condicións xerais:

a) Lingua de edición: a edición realizarase na lingua elixida polo autor, entre as dúas linguas cooficiais (galego ou castelán).

Non obstante o anterior, no caso de obras editadas en lingua castelá, a Deputación poderá realizar ademais, en todo caso, unha edición en lingua galega, sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan.

No caso de obras editadas en lingua galega, a Deputación poderá realizar unha edición en lingua castelá ou noutras linguas, sempre que se xustifique o seu interese, en particular, para a difusión da realidade ourensá fóra de Galicia.

b) O contrato de edición estipulará necesariamente a cesión á Deputación dos dereitos para unha edición da obra, así como para a súa tradución a calquera lingua e a realización da edición correspondente. A cesión non terá carácter exclusivo.

c) A retribución do autor consistirá exclusivamente na entrega dunha porcentaxe de ata o 25% dos exemplares editados. O resto de exemplares serán distribuídos pola Deputación Provincial.

d) A edición terá carácter venal, correspondéndolle á Deputación a fixación do prezo de venda, no marco da lexislación vixente, e a percepción dos ingresos correspondentes.

e) Os autores deberán responder da orixinalidade da obra e da dispoñibilidade dos seus dereitos de explotación, asumindo en todo caso a responsabilidade fronte á Deputación polo cumprimento do establecido na lexislación sobre propiedade intelectual.

f) Os autores deberán realizar a corrección dos textos (incluíndo a súa corrección lingüística, de ser necesaria) no prazo que se lles indique (que será, como mínimo, dun mes) atendendo ás pautas de corrección que indique o Negociado de Publicacións da Deputación.

g) As edicións incorporarán un breve texto de presentación subscrito polo presidente da Deputación.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

22

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

h) Os apéndices documentais e fotográficos dos textos, de seren necesarios, non se incluirán no libro impreso, senón nun CD/DVD que se entregará co libro, co fin de reducir os custos das edicións.

i) A edición axustarase ao deseño e características técnicas que estableza a Presidencia da Deputación Provincial, e nela figurará o logotipo identificativo da Deputación de Ourense e o de Ourensanía.

2. Nos supostos de coedición, esta será obxecto dun convenio entre a Deputación e o co - editor.

Será requisito imprescindible para a realización da coedición que o solicitante achegue unha porcentaxe mínima do 20% do custo da edición, determinada conforme á súa proposta de edición contida na ficha técnica.

As condicións xerais de edición sinaladas no apartado 1 serán aplicables á relación contractual entre o autor e a Deputación de Ourense, con excepción da referida ao carácter venal ou non venal da edición, que se definirá no convenio, conforme co acordado entre a Deputación e o co - editor.

O autor e o co - editor poderán estipular libremente os pactos que consideren convenientes, con respecto á porcentaxe da coedición que corresponda ao co - editor. Estes pactos en ningún caso serán opoñibles fronte á Deputación Provincial.

Nas obras co - editadas, ademais do logotipo da Deputación e o de Ourensanía, farase constar o logotipo do co - editor.


3. As edicións, atendendo á natureza das obras, realizaranse nos seguintes formatos:

a) No caso de obras escritas, editaránse en forma de libro impreso.

b) No caso de obras audiovisuais, editaránse en formato CD ou DVD.

Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias.

O financiamento da edición das obras seleccionadas a través da presente convocatoria realizarase con cargo ao programa de gasto 33416 (edicións e publicacións) do capítulo II dos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2018. A contía máxima dispoñible para a financiamento da edición das obras seleccionadas é de 20.249,74 € €.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

23

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

Cuarta. Solicituds: lugar e prazo de presentación, requisitos e documentación.

1. As solicitudes presentaranse no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, nos seguintes lugares:

- a) No rexistro electrónico da Deputación Provincial de Ourense, por medios telemáticos.
- b) Na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros da Deputación de Ourense, podendo presentarse a solicitude en soporte papel.
- c) En calquera outro dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As solicitudes deberán formularse polo autor o autores da obra ou pola persoa que sexa titular dos dereitos de edición. A solicitude formularase en nome propio ou por medio de representante, empregando obligatoriamente o modelo normalizado que figura como anexo I (no que se inclúe unha declaración responsable de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e de Seguridade Social e non estar incuso en causa legal de prohibición de contratación coa Deputación de Ourense) ao que se acompañarán os seguintes documentos:

- a) Un exemplar da obra cuxa edición ou coedición se solicita.
- b) Unha ficha coas características técnicas da edición solicitada, segundo o modelo contido no anexo II. O contido da ficha presentada terá o carácter de simple proposta, e en ningún caso vinculará á Deputación Provincial, que decidirá discrecionalmente as características da edición, tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias e o interese da obra seleccionada.
- c) Autorización, segundo o modelo anexo III, para recibir a través de correo electrónico e/ou SMS a comunicación do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na solicitude presentada e da publicación do acordo de resolución do concurso.

A presentación do documento sinalado neste apartado c) non é obligatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non presentarse, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa aos actos sinalados, facéndose pública a información correspondente exclusivamente a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

24

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

d) No suposto de solicitudes formuladas a través de representante, poder co que este actúe. Para tal efecto, admitirase o poder outorgado ante notario ou, alternativamente, poder apud acta outorgado mediante comparecencia persoal ante o Secretario Xeral da Deputación ou mediante comparecencia electrónica na sede electrónica da Deputación.

e) No suposto de solicitudes de obras correspondentes á liña recollida no apartado 2.4 da base 1ª, se presume que os autores autorizan á Deputación para consultar os seus datos de nacemento ou residencia mediante consulta a través das plataformas de intermediación de datos entre administracións públicas, agás no suposto de que na súa solicitude deneguen expresamente esta autorización, en cuxo caso deberán presentar copia do DNI no que conste o seu lugar de nacemento nun municipio de Ourense ou, no caso de residentes non nados na provincia, certificado de empadroamento nun municipio de Ourense cunha antigüidade de, cando menos, dous anos dende a data de presentación da solicitude.

3. A presentación da solicitude e da documentación anexa realizarase conforme ás seguintes regras:

a) Regras para a presentación telemática:


Na páxina web da Deputación de Ourense <http://www.depourense.es/index.php> estarán dispoñibles os modelos os modelos de solicitude e anexos, que serán cubertos polo solicitante e gardados no seu dispositivo electrónico, para logo presentalos na sede electrónica da Deputación, no seguinte enderezo electrónico: <https://sede.depourense.es>

O exemplar da obra cuxa edición ou co - edición se solicita, se presentará, no caso de obras escritas, achegando un arquivo en formato Adobe Reader, e, no caso de obras audiovisuais, mediante aplicacións de uso habitual.

A sinatura electrónica da solicitude e dos documentos anexos realizarase mediante o emprego dalgún dos seguintes sistemas de identificación electrónica:

- Os previstos nos apartados a) e b) do artigo 9.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na sede electrónica recollerase a información necesaria para que os interesados que así o soliciten reciban asistencia da Deputación no uso dos medios electrónicos para a presentación da solicitude, incluíndo a posibilidade de que a súa identificación electrónica



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

25

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

no procedemento se realice a través dun funcionario da Deputación, conforme ao previsto no artigo 12 da Lei de procedemento administrativo común das administración públicas.

b) Regras para a presentación en soporte papel:

Os interesados presentarán as súas solicitudes empregando os modelos de instancia e anexos previstos na presente convocatoria, que estarán dispoñibles para a súa descarga na sede electrónica e nas oficinas da Deputación.

A documentación presentada será obxecto de dixitalización na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistro, devolvéndose os orixinais en papel ao interesado.

A presentación das obras, cando se formule a instancia en soporte papel, realizarase nas seguintes condicións:

- No caso de obras escritas, presentarase unha copia en soporte informático, en formato Adobe Reader, contido nun CD, DVD ou pen drive.

- No caso de obras audiovisuais, presentaranse en soporte informático, nun CD ou DVD, mediante aplicacións de uso habitual.

4. No suposto en que unha mesma persoa presente en soporte papel varias solicitudes de edición correspondentes a obras diferentes, deberá cubrirse unha solicitud para cada unha das obras. Non obstante, non será necesario achegar a documentación sinalada nas letras c) e d) do apartado 2 da presente base en todas as solicitudes, bastando con facelo nunha soa delas.

5. Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores, non será necesaria a presentación de solicitude para aquelas obras que xa foran presentadas na convocatoria correspondente ao plan de publicacións de 2017 (publicada no BOP de Ourense do 28 de xullo de 2017) e que quedaron seleccionadas na lista de reserva aprobada coa resolución do dito concurso. As ditas solicitudes consideraranse validamente presentadas e serán incluídas de oficio no concurso, sen prexuízo de que durante o prazo de presentación de instancias os solicitantes poidan presentar modificacións no contido ou características de edición das obras presentadas no seu día, e de que na fase de instrución poidan ser requiridos para que completen a documentación presentada no sentido de axustala ao previsto nestas bases, de ser necesario. Igualmente, os autores poderán comunicar a desistencia da súa solicitude en calquera momento anterior á resolución.




(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

26

Serie A N.º 2790318



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

A presentación da solicitude no concurso de 2017 acreditarase de oficio mediante certificación que se expedirá pola Secretaría Xeral da Deputación e se unirá ao expediente.

Quinta.- Procedemento de selección.

1. *O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva, conforme ao establecido na presente base.*
2. *Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sección de Arquivo e Publicacións da Deputación Provincial procederá á instrución do expediente, consistente na comprobación da corrección da documentación achegada.*

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requerimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense (<https://sede.depourense.es>)

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose únicamente e en todo caso mediante a publicación na sede.

3. *Transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección, esta emitirá informe con proposta de non admisión das solicitudes que non cumplen os requisitos establecidos nas presentes bases, e de admisión do resto.*
4. *O informe da Sección e as obras presentadas someteranse á consideración do Consello Asesor de Publicacións, que efectuará a valoración e formulará unha proposta motivada de resolución do concurso, co seguinte contido:*

- a) *Valoración das obras presentadas, conforme cos seguintes criterios:*
 - a.1) *Calidade das obras*
 - a.2) *Interese das obras para os fins de divulgación da realidade ourensá e de fomento da cultura propios do servizo provincial de publicacións.*
 - a.3) *No caso de solicitudes de coedición, valorarase tamén a porcentaxe de financiamento ofertada polo solicitante.*



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Sello da Corporación)

(Síntoma do Presidente)

Folio N.º

27

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

O Consello Asesor poderá excluir da valoración, de xeito motivado, aquelas obras que non reúnan uns requisitos mínimos de calidade ou interese.

b) Determinación das obras seleccionadas, coas características técnicas e orzamento estimado das edicións propostas, en función da valoración efectuada, así como das condicións básicas de coedición, se é o caso.

c) Establecemento dunha lista ordenada de obras en reserva. Incluiranse nesta lista aquelas obras que, cumprindo os mínimos esixibles de calidade, non obteñan a valoración suficiente para seren seleccionadas dentro das dispoñibilidades da presente convocatoria.

Estas obras serán susceptibles de edición en caso de que, por causas sobrevidas, non sexa posible a iniciación das actuacións de edición dalgunha das obras seleccionadas durante o exercicio 2018, en cuxo caso serán substituídas polas obras incluídas na lista de reserva, pola orde de prelación establecida na resolución do concurso.

Para estes efectos, entenderase que non é posible a iniciación das actuacións de edición cando resulte que non se poida realizar a disposición ou compromiso do gasto correspondente dentro do exercicio orzamentario.


As obras seleccionadas que non puidesen editarse no exercicio 2018 por causa non imputable ao autor, pasarán a integrarse no plan de publicacións do exercicio seguinte.

5. Formulada a proposta do Consello, a Presidencia procederá a emitir resolución, que será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. A proposta do Consello non vinculará á Presidencia, que poderá apartarse desta, de xeito motivado, previos os informes ou asesoramentos que considere oportunos.

6. O prazo máximo de resolución do procedemento será de tres meses, contados desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O dito prazo será prorrogable por resolución da Presidencia, conforme ao previsto na legislación do procedemento administrativo común. A falta de resolución en prazo terá o efecto dun acto presunto de contido desestimatorio.

Sexta. Actuacións para a realización da edición ou coedición.

1. Os autores e co-editores seleccionados deberán comunicar a súa aceptación expresa das condicións de edición ou coedición establecidas na resolución no prazo de dez días hábiles dende a publicación do acordo de concesión no Boletín Oficial da Provincia.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

28

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

En caso de que non comuniquen de xeito expreso a súa aceptación no dito prazo, entenderase que renuncian á edición, quedando habilitada a Presidencia para acordar a edición de obras incluídas na lista de reserva, conforme co sinalado na base 5ª.4.c), acordo que se recollerá en resolución que será obxecto de publicación nos mesmos termos que a resolución do concurso.

2. Recibida a aceptación, a Sección de Arquivo e Publicacións procederá á elaboración, negociación e tramitación dos contratos de edición cos autores e dos convenios de coedición coas entidades co - editoras.

Unha vez subscritos os correspondentes contratos e convenios, a Deputación procederá á contratación dos servizos de maquetación, tradución, impresión e edición necesarios, conforme cos orzamentos estimados que figuren na resolución de selección das obras. Igualmente, corresponderalle á Deputación a tramitación do depósito legal e do rexistro da publicación.


3. As actuacións dirixidas á edición deberán iniciarse en 2018, debéndose desenvolver cando menos ata a fase de disposición ou compromiso do gasto. As actuacións que non poidan realizarse na anualidade por causa non imputable ao autor ou co - editor incluiranse no Plan de publicacións do exercicio 2019.

4. No suposto de que o custo liquidado da edición das obras seleccionadas en réxime de coedición resulte diferente ao inicialmente previsto na resolución de selección, aplicaranse as seguintes regras:

a) No caso de redución do custo, este repartirase entre a Deputación e o co - editor en función da porcentaxe establecida na resolución do concurso e no convenio de coedición, determinado pola oferta realizada polo co - editor na súa solicitude.

b) No caso de incremento dos custos, se este se debese a causa de forza maior, será asumido pola Deputación e o co - editor en función da porcentaxe establecida no convenio, sen prexuízo do dereito do co - editor a renunciar á coedición en caso de que o sobrecuste sexa coñecido con antelación.

Nos casos en que o sobrecuste sexa debido a unha causa imputable a unha das partes, será asumido pola parte causante.



APEL NUMERADO
CORPORACIONES
LOCAIS



(Selo da Corporación)

(Sinatura do Presidente)

Folio N.º

29

Serie A N.º 2790318

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 6 de xullo de 2018

Sétima.- Normativa supletoria.

En todo o non disposto nestas bases será de aplicación o disposto no Plan anual de publicacións da Deputación para o exercicio 2018, así como as seguintes normas:

a) Con carácter xeral, as normas establecidas na vixente Ordenanza reguladora do servizo de publicacións da Deputación.

b) A normativa vixente en materia de réxime xurídico do sector público e procedemento administrativo común, nos aspectos referidos ás actuacións correspondentes á Deputación para a xestión dos procedementos necesarios para a selección e edición das obras.

c) As normas reguladoras da propiedade intelectual e as aplicables á contratación da edición de obras artísticas, científicas, musicais ou literarias no sector público, no relativo ás relacións entre a Deputación Provincial e os autores e co - editores.

2º) Aprobar a convocatoria do concurso regulado nestas bases, ordenando a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación.

10.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

11.- COMUNICACIÓN DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día seis de xullo do ano douce mil dezaoito, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,